

COÑECE E CAMIÑA

TÚNELES DE BREGUA CULLEREDO (A Coruña)

DOMINGO 6 DE ABRIL DE 2025



PRESENTACIÓN

En abril, o Coñece e Camiña, vai aos Montes do Xalo, para percorrer unha parte do trazado abandonado do ferrocarril que, case chegando A Coruña, vai por uns vales moi accidentados, o que lle obrigou a facer dous longos tuneles, para superar esta zona con treitos impenetrables. Aquí non hai máis, que diminutos núcleos de povoación, con pechados bosques autóctonos e tramos de eucalito, o que aumenta a sensación de soledade que tivemos cando a preparamos.

O VELLO TRAZADO DO FERROCARRIL

En 1946, inagrouse o trazado A Coruña—Santiago de Compostela, que estivo en funcionamento ata o 2006, en que entrou en funcionamento a variante de Bregua, entre Boedo e Uxes. O tramo que nos imos a percorrer, vai por tres túneles, de 1800, 800 e 300 metros, entre Boedo e Campo de Medano, que conservan as vías, as travesas e o balasto que as nivelan (pedras de granito). Iremos sen dificultade, as veces polo medio, e outras por carreiros laterais.

A RUTA

Comezaremos a camiñar cara o norte en Corgo, moi perto de Meirama, por pistas de asfalto e terra. En suave subida, chegaremos aos Montes do Castro, para alcanzar o cumio do Castelo dá Veiga (426 m), por unha senda fácil, entre toxos e pedras. Se temos sorte con tempo, poderemos gozar dunha panorámica excepcional de 360°. Logo, teremos unha forte baixada, por pistas de terra e sendas, que levaranos a estación de Bregua. O edificio, está rehabilitado e presenta un aspecto fenomenal. Desgraciadamente o restaurante estará pechado, e parece que non voltará a funcionar. Para a nosa parada do xantar, e o mellor e o único sitio que hai.

Pola tarde, quedaranos os túneles. Primeiro teremos un de 800 metros que chega a Boedo, facendo algo de curva. Logo hai un treito de vía con vexetación ata chegar a un pequeno túnel de 300 m. Un pouco máis adiante, chegaremos o túnel longo de 1800 m, totalmente recto. Logo de superalos, so quedaranos 15 minutos ata chegar ao final, no mesmo lugar onde comezamos a ruta.

Distancia: 15,5 km. Desnivel positivo e negativo: 530 m.

Guía: **David Jove**

MOI IMPORTANTE

É imprescindible levar lanterna con carga para unha hora, mellor si e frontal. Levar botas fortes para circular polas vías. Moi recomendable, bastóns de montaña. Non esquecer roupa de abrigo, auga e comida.

SAÍDA:

8 horas, en Riazor, dá parada de bus de Deportienda, Juan Florez, Alfonso Molina e Carrefour.

Antes de empezar, tomaremos café en **Casa Marabina**, en Ledoño, moi perto da ruta.

AS SEGUINTE RUTAS SON:

23 de abril, mércores. Veteranos Activos. Fragas de Portodemouros - Río Ulla. Arzúa e Vila de Cruces.









7 de maio, mércores. Ruta periurbana. A Coruña-Arteixo, pola costa.

15 de maio, domingo. Coñece e Camiña. Fervenza de Sto. Estevo de Ermo-Foz (Lugo).

19 - 23 de maio. Veteranos Activos. Aldeas Históricas de Portugal, primeira parte.

MIDE

TÚNELES DE BREGUA

horario	5 h	 	2	severidade del medio natural
desnivel de subida	476 m	 	4	orientacion en el itinerario
desnivel de bajada	476 m	 	3	dificultad en el desplazamiento
distancia horizontal	15,5 Km	 	2	cantidad de esfuerzo necesario
tipo de recorrido	Circular	